



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 15 DE SETEMBRO DE 2015.-

Casa do Concello Ponteareas 15 de setembro de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Giráldez Represas, asistindo a secretaria accidental dona Pilar Rodríguez Domínguez, están reunidos os señores concelleiros dona M^a Jesús Garrote Represas, dona M^a Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco F. Alonso Pedreira, don Benito Marquez Castro, don Mario Lago Moriña, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Salvador González Solla, dona M^a Belén Villar González, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Jesús Manuel Cao Vila, don Domingo Freitas Dalmeida, don Andrés Sampedro Fernández, dona María Soledad Valado Pérez, don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya, e don Lino Costas Vila, non asistindo dona Vanesa Fernández Soage e dona M^a José González Aparicio, con obxecto de levar a cabo sesión ordinaria da Corporación Municipal, convocada previamente para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 20,03 horas polo Sr. Alcalde iníciase a sesión e de conformidade coa Orde do Día son adoptados os seguintes acordos:

O SR. GONZALEZ SOLLA, cuestión de orde, como portavoz do partido maioritario quero denunciar a labor do Presidente que coarta a labor de control da oposición.

O SR. ALCALDE, terá tempo logo, cíñase ao regulamento.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, non inclúe 3 mocións presentadas polo PP alegando que son mocións para consensuar, entre elas a de dar nome dun trozo da Avda de Galicia a Rogelio Groba e outra de dar o nome de Gloria Ferro Ucha ao parque forestal, en agradecemento á cesión.

Entendemos que dende o 3 de setembro que as presentamos houbo tempo de consenso. Son iniciativas que vostede ten que traer. O 10 de setembro tamén presentamos outra sobre o roubo de gasoil de vehículos.

Na orde do día se inclúen cousas que non se levaron a comisión informativa. Que conste en acta.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, cuestión de orde, vai sobre a orde do día.

O 4 de setembro presentamos 3 mocións, so trae unha e nos dixo que as outras non as trae por ter que emitir informe o interventor. Voto de menos a falta de vontade de vostede, hai outras cousas que trae, e onte podería haber tratado as mocións na comisión informativa (sobre axudas para libros de texto a familias necesitadas e sobre plus valía). Protesto por non traelas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, Ao Sr. González Carrera: sobre as dúas mocións aclaro que son propostas que supoñen minoración de ingresos e necesitan informes do interventor que non está aquí todos os días, polo que non puido facer os informes imprescindibles. Si o traemos non valería para nada. Cando teñamos os informes se levarán a dictaminar.

Ao Sr. González Solla, decirlle está ben, di un compromiso sobre o nome do parque do ano 2013, puido facelo vostede na súa etapa de Alcalde. Convocaremos aos voceiros para traelo ao Pleno.

Con respecto ao de Roxelio Groba, este Alcalde en novembro 2014 e no ano 2015 quixemos traer este tema, fomos os primeiros en intención de facelo, sigo nesa postura. Abordarémolo por consenso nos vindeiros meses.

O SR. GONZALEZ SOLLA, un minuto.

O SR. ALCALDE, lémbrolle o que fixo vostede no 99 sobre a figura de Roxelio Groba, cando se cambiou o rueiro.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.07.15.-

Informados da acta da sesión anterior do 21-07-15, é aprobada por unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).-
Queda aprobada.

2.-DAR CONTA DOS DECRETOS E RESOLUCIÓNS DICTADOS POLA ALCALDÍA.-

A Corporación Municipal queda enterada dos seguintes decretos e resolucións dictados pola Alcaldía:

Período dos Decretos e Resolucións: **do 7 de xullo de 2015 ó 4 de setembro de 2015** e un Decreto do **3 de xullo de 2015 (nº 1228.15 bis)** que quedara sen dar conta no Pleno anterior.

Empezan co número **1303.15 do 7 de xullo de 2015** e rematan co número **1667.15 de 4 de setembro de 2015**.

C O N T I D O:

ALTAS no Padrón Municipal de Habitantes: Noventa e oito (98).

BAIXAS no Padrón Municipal de Habitantes: Trece (13).

CAMBIOS DE ENDEREZO no Padrón Municipal de Habitantes: Sesenta e tres (63).

ORDENACIÓNS DE PAGOS: Vinte e nove (29).

PAGOS A XUSTIFICAR: Uno (1).

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA: Dous (2)



APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE TAXAS: Trinta e nove (39).

COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS E OUTROS: Dous (2).

REINTEGRO GASTOS/DEVOLUCIÓN DE INGRESOS: Dez (10).

FRACCIONAMENTOS PAGOS: Oito (8)

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: Oito (8).

EXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO: Un (1)

EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: Tres (3).

CONCESIÓN/BAIXAS DE LICENZAS PARA TENZA DE ANIMAIS : Cinco (5).

CONVOCATORIAS DE PLENOS, XUNTAS DE GOBERNO E COMISIÓNS INFORMATIVAS: Quince (15).

DELEGACIÓNS CELEBRACIÓNS VODAS CIVIS: Oito (8)

CONTRATACIÓN DE PERSOAL: Seis (6)

NOMEAMENTO TRIBUNAIS SELECCIÓN: Cinco (5)

OFERTAS DE EMPREGO: Catro (4)

APROBACIÓN PADRÓNS LISTAS COBRATORIAS: Un (1)

ESTIMACIÓN/DESENTMACIÓN RECURSOS E OUTROS: Nove (9).

DECLARACIÓN VEHÍCULO RESIDUO DOMÉSTICO/RESIDUO URBÁN:
Tres (3).

AUTORIZACIÓN FESTEXOS E OUTROS: Dezasete (17)

RATIFICACIÓN ERROS E OUTROS: Catro (4)

Nº 1288.15– Estimación reclamación patrimonial.

Nº 1320.15.- Concedendo adicación parcial

Nº 1378.15– Nomeamento de traballador para substitución do Interventor Municipal nas Mesas de Contratación..



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Nº 1516.15.- Habilitando de xeito provisional como lugar de arquivo o inmovible sito na Rúa dos Mestres, 7..

Nº 1534.15.- Aprobando Plan de Disposición de Fondos de Tesourería

Nº 1535.15.- Nomeando á funcionaria dona M^a Pilar Rodríguez Domínguez como Secretaria Accidental.

Nº 1556.15.- Designando axentes da Policía Local para dirixir operativos de control de alcoholeia e drogas os días 15 e 16 de agosto de 2015 .

Nº 1562.15.- Designando Alcaldesa Accidental, por ausencia do Sr. Alcalde, a dona M^a Jesús Garrote Represas os días comprendidos entre o 17 e 23 de agosto de 2015, ámbolos dous incluídos.

Nº 1598.15.- Arquivando expediente disciplinario profesor conservatorio.

Nº 1605.15.- Aprobando Padrón listas cobratorias.

Nº 1620.15.- Aprobando o pago da cota correspondente ao mes de agosto a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Nº 1661.15.- Acometendo unha investigación preliminar para a finalización do servizo da retirada de vehículos.

3.-PROPOSTA DO ALCALDE DO 7-9-15 SOBRE SINLAMENTO DE FESTIVOS LOCAIS PARA 2016.-

Visto o dictame da comisión informativa de réxime interior do 10-9-15.

Vista a proposta do 7-9-15 do teor:

“Visto escrito do Servizo Provincial de traballo e Economía Social, con rexistro do 04-08-15, solicitando se formule a proposta de festas locais para o ano 2016, e se remita a mesma antes do vindeiro 30 de setembro de 2015.

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación Municipal:

-Fixar festas locais para o ano 2016, as datas:

30 de maio, luns seguinte ó Corpus Christi

29 de setembro, festividade de San Miguel Arcanxo”.

O SR. ALCALDE, as datas propostas son as habituais, neste caso hai confirmación das asociacións Ponteareas Comercial e Tea.

O SR. COSTAS VILA, imos votar a favor á falta doutras datas mais interesantes. Pense en cambiar para datas laicas e non relixiosas.

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, ACIP a favor si os comerciantes apoian.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, tamén dacordo si hai consenso, pero non me parece de recibo que nos convocara e aínda non tivera o acordo dos colectivos.

O SR. ALCALDE, o comunicado dos colectivos o teño por escrito.

VOTACION .-Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).
Na súa consecuencia a Corporación Municipal acorda:

*-Fixar festas locais para o ano 2016, as datas:
30 de maio, luns seguinte ó Corpus Christi
29 de setembro, festividade de San Miguel Arcanxo”.*

-Dar traslado ao Servizo Provincial de Traballo e Economía Social

4.-PROPOSTA DA ALCALDIA DO 7-9-15 SOBRE PRESTAR APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS QUE SE CITAN:

- ACONDICIONAMENTO OFICINAS DO CONCELLO**
- OBRAS DE MELLORA NO MERCADO MUNICIPAL**
- CONSTRUCCION DE MURO DE SOSTENEMENTO DE ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA AO BARRIO DE CILLARGA,RIBADETEA.**
- PROXECTO DE SINALIZACION DE IGREXAS DE GALICIA.**

Visto o dictame da comisión informativa de Urbanismo do 10-9-15.

O SR. ALCALDE da conta da proposta do teor:

“Vistos os proxectos redactados para execución de diversas obras no Concello de Ponteareas, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación Municipal:

1º) Prestar aprobación ó proxecto ACONDICIONAMENTO OFICINAS DO CONCELLO, cun presuposto total de 116.431,68 €, e modificado do citado proxecto do 26-08-15, redactados pola arquitecta dona Julia Vilas Cruz.

2º) Prestar aprobación ó proxecto OBRAS DE MELLORA NO MERCADO MUNICIPAL, cun presuposto total de 158.509,82 €, e modificado do citado proxecto do 26-08-15, redactados pola arquitecta dona Julia Vilas Cruz.

3º) Prestar aprobación ó proxecto CONSTRUCCIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO DE ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA Ó BARRIO DE CILLARGA, RIBADETEA,cun presuposto total de 20.112,32 €, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas don Roberto Viéitez Alonso.

4º) Prestar aprobación ó PROXECTO DE SINALIZACIÓN IGREXAS DE GALICIA, cun presuposto total de 49.741,76 €, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas don Roberto Viéitez Alonso.”



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, é necesario aprobalos polo Pleno antes da contratación, contan coa financiación. Estas obras son consecuencias de non poder levar a cabo as obras de humanización do Paseo Matutino, ao non ter informes favorables da arquitecta e da secretaria.

Algúns proxectos contan con subvencións (caso da do mercado, da Xunta, e Deputación). A da Casa do Concello (todo subvencionado pola Deputación, igual que a do muro de Cillarga). A das Igrexas conta con subvención da Xunta, da Deputación e do Concello.

Neste caso os proxectos xa contan con subvención da Deputación. Cédolle a palabra á concelleira de urbanismo e vías e obras.

A SRA. GARROTE REPRESAS, é certo que nos atopamos cunha mala xestión do goberno anterior con relación as obras do Paseo Matutino (non tiña as cesións e os informes eran desfavorables, o ancho da rúa non se axusta ao PXOM).

Non quedou mais remedio que modificar para non perder os cartos.

Demostraron vostedes falta de planificación cando no concello non tiñan partidas para as obras da plaza de abastos e sinalización de igrexas.

Con referencia aos novos proxectos, Casa do Concello, é certo que había antes outro pero non se incluía a parte non feita e a zona de contadores e tamén se recolle o que vostedes deixaron mal cando fixeron a reforma dos xardíns, como é o cable perigoso que pasa por riba do parque infantil.

O do muro de Cillarga, o Sr. Novoa saberá dun socabón alí dende hai tempo, xa fai tempo se queixaban os autobuses.

O SR. COSTAS VILA, solicito que os proxectos se voten por puntos. Non estamos dacordo en gastar 11400 euros no da sinalización de igrexas; que as sinalicen cos cartos do Vaticano.

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, neste tipo de obras imos votar a favor. O ano pasado cando se truxo ao pleno o proxecto do Paseo Matutino, eu xa dixen que non podería facerse pois os informes técnico eran desfavorables, pero ninguén votou en contra.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, Sra. Garrote, nos sentamos e cando queira falamos da herdanza de 3 millóns que lles deixamos para obras.

O 10 de agosto solicitaron cambio de aplicación dos 199.088 euros dentro do PUSIM 14, a obra se facía acollendo a petición dos veciños, comercios e centros educativos, entendimos que na marxe dereita as beirarrúas están desfeitas, mala canalización de augas.

Fixemos prioridades transmitidas por veciños, vostedes deciden cambiar obras. É certo que a arquitecta fai referencia ao ancho das rúas, pero o 2 de agosto rematou o tema de suspensión de licenzas e nesa rúa agora mantense varios anchos.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Si analizan o PXOM provisional aparece 18 metros de ancho, nos parece que a arquitecta o sabía, pedinlle ao Alcalde que nos gustaría a este grupo facer reunións cos arquitectos para explicarse, é unha cuestión de interpretación.

Respecto á cesión dos terrenos, non se pode decir na prensa que non tiñamos as cesións, tiñamos o 80% asinados, só restaban 22 m2 de cesión, e esperando que a oficina técnica enviase o documento a Patrimonio de Educación.

Non tiveron votade de seguir adiante.

Sra. Garrote, a humanización non foi mal planificada, os arquitectos tiveron moitas reunións e o asesor xurídico fixo os documentos para cesións.

Agora nos propoñen aprobar proxectos, parte deles nosos.

Pido votación por separado.

Casa do Concello mellorada con obras que antes non se podía entrar, xardíns arranxado, cando nos estabamos non habia problema do cable. Tiñamos encargado o proxecto para finalizar as obras do concello.

Pregúntolle, o informe da arquitecta fala do permiso de Patrimonio, precepto obrigado para iniciar a licitación.

Imos absternos.

Pido copia da dilixencia da secretaria do 7 de agosto.

Proxecto do mercado xa tramitado polo PP conta cunha axuda da Xunta de 112.000 euros, e o resto da financiación tamén a buscaríamos. Invertimos no mercado uns 800.000 euros.

Proxecto das Igrexas: foi presentado polo goberno do PP, con subvención da Xunta de 23.432 euros.

Muro de Cillarga: en abril do 2015 tiñamos prioridade sobre o vial, nos tamen buscabamos financiación.

É curioso ao final da lexislatura faláron da cantidade para os proxectos, non era fume, foi fruto dunha planificación e contaban con financiación.

Voto por separado.

A SRA. GARROTE, Sr. Solla non ten desperdicio, que veña a decir que tiña as cesións, non nos sorprende. Cando di que todos os arquitectos sabían o tema das medidas ¿como hai un informe que dí non se axusta?.

Non dixemos en ningún momento que a obra non era necesaria.

Se están aprobando proxectos que non son de vostedes. Estes non son os que foron ao pleno, o que non se pudo facer foi a obra do Paseo Matutino.

¿Cales son as condicións desa rúa?. ¿Sabe quen arraxou o aparcamento?, esta concelleira. Ese tramo que dí intransitable, era un valado metálico. Sei como está o Paseo Matutino, pero non se pode facer o que non se pode.

Xardíns, é evitar perigos, acabo de falarlle do cable. Vostedes o deixaron fora.

No seu proxecto do concello non se incluía o cadro eléctrico e si sabían que ían necesitar cartos, e non tiñan partida ¿como ían a asumir a parte do concello ,nas obras do mercado e nas sinalizacións de igrexas?. En canto a obra da casa do concello hai pedido informe a Patrimonio.

O SR. ALCALDE, Sr. Solla, dílgalle ao Pleno onde están o medio millón de euros da obra do saneamento de Ribadetea. As cousas se fixeron polas eleccións, improvisaron.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Non se pode facer a obra do Paseo Matutino con informes negativos, leo a conclusión do que dixo a secretaria no informe do 16-2-15: "deberán subsanarse as deficiencias observadas con carácter previo á aprobación do expediente, sendo o presente informe desfavorable en tanto non se subsanen as deficiencias observadas".

Dende o 16 de febreiro ao 13 de xuño tiveron tempo 4 meses para subsanar as deficiencias e contratar.

Utilizou o importe para a campaña electoral. Iso é o seu rigor.

A reunión cos técnicos se fará cando proceda.

¿Porqué non fixo o PP a obra do Paseo Matutino?', votamos a favor do proxecto e confiabamos que os problemas saírían ben, pero pola súa incapacidade non se pudo facer.

A votación será por separado.

Ao Sr. Costas Vila decirlle que as igrexas non se identifican só por ser lugares de culto, senón que son do Patrimonio.

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, á señora Garrote decirlle que non lle dea a volta, naquel pleno ACIP votou en contra e dixo que non era viable a obra polos informes técnicos que serían negativos; así foi, non se fixo.

O SR. GONZALEZ SOLLA, a Sra. Garrote di non ten desperdicio, non se pode decir polo Alcalde que non hai cesión cando tiñamos o 80%, só quedaban 22 m2 e pendente o tema de deslinde do parque do instituto.

A SRA. GARROTE REPRESAS, o do instituto foi desfavorable.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, non sabe leer, dixeron dende Educación que se deslindara, non hai problema por parte da Xunta para ceder os terreos.

Decirlle á Sra. Garrote, mentira que fora vostede a que conseguira o aparcamento.

A arquitecta dí que teñen que ter autorización de Patrimonio, vostedes van de legais.

É certo que o propietario non quixo ceder, deu voltas, pido a citada reunión.

A SRA. GARROTE REPRESAS, merezo unha disculpa, vostede é un sinvergónza e un mentiroso.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, o retiro. Mente, non ten categoría para estar ahí.

O SR. ALCALDE, dixo que non sabía nin leer.

O SR. GONZALEZ SOLLA, interpretacións.

O SR. ALCALDE, no ten a palabra.

Léase a contestación última da Xunta.

A obra realizarase e cumpriremos a legalidade, cando menos como cumpriron vostedes ao realizar a reforma.

Lémbrolle que o saneamento de Arcos non tivo informe favorable de Patrimonio ata hai uns días, e ao día seguinte de recibilo tiven reunións cos veciños indicándolle que ia comezarse a obra.

Leccións con respecto á legalidade, ningunha.



O SR. COSTAS VILA, nos tamén respetamos a relixión de cada un, pero todo o listado fala de capelas e igrexas. Gasto innecesario.

VOTACION POR SEPARADO DOS DISTINTOS PROXECTOS:

1º.- Proxecto ACONDICIONAMENTO OFICINAS DO CONCELLO.

VOTACIÓN: 11 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 2 ACIP, 1 A Riada do Tea), e 8 abstencións (7 PP, 1 EU).

Na sua consecuencia queda aprobado o proxecto ACONDICIONAMENTO OFICINAS DO CONCELLO, cun presuposto total de 116.431,68€, e modificado do citado proxecto do 26-08-15, redactados pola arquitecta dona Julia Vilas Cruz.

2º.- Proxecto OBRAS DE MELLORA NO MERCADO MUNICIPAL.

VOTACION.-Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

Na sua consecuencia queda aprobado o proxecto OBRAS DE MELLORA NO MERCADO MUNICIPAL, cun presuposto total de 158.509,82€, e modificado do citado proxecto do 26-08-15, redactados pola arquitecta dona Julia Vilas Cruz.

3º)Proxecto CONSTRUCCIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO DE ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA Ó BARRIO DE CILLARGA, RIBADETEA.-

VOTACIÓN: Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

Na sua consecuencia queda aprobado o proxecto CONSTRUCCIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO DE ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA Ó BARRIO DE CILLARGA, RIBADETEA, cun presuposto total de 20.112,32€, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas don Roberto Viéitez Alonso.

4º.- PROXECTO DE SINALIZACIÓN IGREXAS DE GALICIA:

VOTACION: 17 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada do Tea, 2 ACIP, 6 PP) e 2 en contra (Sres. Costas Vila, e Freitas Dalmeida).

Na sua consecuencia queda aprobado o PROXECTO DE SINALIZACIÓN IGREXAS DE GALICIA, cun presuposto total de 49.741,76 €, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas don Roberto Viéitez Alonso.”



5.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE COMERCIO DO 11-08-15 DE APROBACION PROVISIONAL DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, RODAXES CINEMATOGRAFÍCOS, ATRACCIONS OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA, AMBULANTES E RASTRILLO DE ARTIGOS EN DESUSO E FOGAR.-

Visto o informe do interventor do 10-9-15 e o dictame da Comisión informativa de Facenda do 10-9-15.

O SR. LAGO MORIÑA, da conta da proposta do teor:

“Visto que a vixente ordenanza reguladora da taxa por instalación de barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, situados en terreos de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, publicada no ÇBOP do 2 de setembro de 2014, no seu apartado 1.3 dispón o pago:

“1.3. PARA MERCADO DOS SÁBADOS E DÍAS 14 DE CADA MES. a) PARA TODOS OS SÁBADOS E 14 (SEMESTRAL IRREDUCIBLE).”

Tendo en conta que en recente reunión celebrada cos representantes dos vendedores ambulantes que acuden ós mercadillos de Ponteareas, pro circunstancias económicas dada a crise que o comercio está sufrindo, solicitaron a modificación da ordenanza reguladora no sentido de que a taxa se cobre cada tres meses, e polo que esta concellería

PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

1º. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa por instalación de barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, situados en terreos de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, apartado 1.3 no sentido de que PARA MERCADO DOS SÁBADOS E DÍAS 14 DE CADA MES. a) PARA TODOS OS SÁBADOS E 14, O PAGO DA TAXA DOS VENDEDORES AMBULANTES SEXA TRIMESTRAL.

2º. Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles con inserción do anuncio no BOP e no taboleiro municipal para exame e reclamacións.

3º. Para o caso de non presentarse reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coa particularidade de publicarse o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.”

Saé a concelleira dona Verónica Carrera Blanco, incorporándose nuns intreos.

O SR. COSTAS VILA, nos non vemos maior problema en tratar de facilitarlle o pago, como a medida foi solicitada por eles, estamos a favor.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, non teño claro cantos ambulantes lle fixeron a proposta.

O cobro dos padróns levan un retraso de casi un ano. Entón tamén fraccionen aos veciños o pago doutros impostos, traeremos aquí unha moción.

Terán un colapso no tema dos cobros-pagos, e mais problemas administrativos.

Son autonomos, eles seguro buscan a maneira de pagar.

Non hai inconveniente pero haberá problemas, paga a ano vencido.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, de acordo con ACIP, para o concello mais carga de traballo.

Na comisión informativa pedín explicacións, ninguén mas deu, fala vostede da crise, crise teñen todos os veciños e por outra banda non vin o estudo económico xustificativo.

Ambulantes, por escrito, nunca pediron isto, pediron disminuir a cuota tributaria, reducila.

Imos absternos.

O SR. LAGO MORIÑA, é só un tramite de modicacións, Tui e Salceda o teñen.

É un beneficio para eles, non haberá incordio o Padrón pasaría cada 3, haberá mais control.

O SR. ALCALDE, neste momento calquera que queira pode fraccionar o IBI.

Como decía o Sr. Lago hai informe de intervención favorable, é igual ao que se fai noutros concellos e a todos nos interesa favorecer o mercado dos sábados, non vexo problema.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, non me aclarou cal é o Padrón que se está a cobrar, desmonta todo o dito por Vd.

O SR. LAGO MORIÑA, terá unha copia, agora non teño o dato.

O SR. ALCALDE, terán mais facilidade non é igual pagar cada 3 que cada 6 meses.-

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, non entendo esto, piden pagar menos, reunase con todos, non lle vai a solucionar gran cousa. Iso non é o que están pedindo e vai supor mais carga administrativa.

O SR. ALCALDE, remate, non repita.

VOTACIÓN.-12 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 Riada do Tea, 1 EU, 2 ACIP), e 7 abstencións do PP.

Na sua consecuencia a Corporación Municipal, acorda:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

1º. *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa por instalación de barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, situados en terreos de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, apartado 1.3 no sentido de que PARA MERCADO DOS SÁBADOS E DÍAS 14 DE CADA MES. a) PARA TODOS OS SÁBADOS E 14, O PAGO DA TAXA DOS VENDEDORES AMBULANTES SEXA TRIMESTRAL.*

2º. *Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles con inserción do anuncio no BOP e no taboleiro municipal para exame e reclamacións.*

3º. *Para o caso de non presentarse reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coa particularidade de publicarse o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.”*

6.-PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE COMERCIO DO 25-08-15 DE APROBACION PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA NA VIA PUBLICA.-

Visto o informe do interventor que consta no expediente e o dictame da Comisión informativa de Facenda do 10-9-15.

O SR. LAGO MORIÑA, da conta da proposta do teor:

“A ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería, na vía pública ou dominio público, do concello de Ponteareas, publicada no BOPPO nº 230, do venres 29 de novembro de 2013 (paxina 35), literamente di:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA NA VÍA PÚBLICA.

CONCEPTO

Por m2 de instalación e mes

PREZO ACTUALIZADO

3,03”

Os datos facilitados polo departamento de Rentas, sinalan que os ingresos polo concepto de instalacións de terrazas, foron no ano 2014 de 24.470,96 E. Sendo no ano 2015 a data de hoxe de 14.387,20 €, estando previsto acadar a contía do 2014 dado que estamos a metade do ano.

Esta concellería, logo da reunión mantida cos hostaleiros, ten o propósito de regular a distribución do espazo peatonal público, así como facilitar o desenvolvemento da actividade dos establecementos do sector, cumprindo ó mesmo tempo, co normativa establecida, favorecendo deste xeito, o seu fortalecemento e a mellora da calidade de vida na vila, non só para o visitante, senón tamén para a poboación local, polo que establecerán dous períodos de utilización anual, con prezos distintos para cada período, en función da estacionalidade e a afluencia de público. Con esta modificación os ingresos



polo concepto de licenzas diminuírían entre os meses de outubro abril, pero é moito máis significativo favorecer o desenvolvemento económico do sector en tempada baixa.

Polo antedito, propoño ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes acordo:

1º. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas de hostalería na vía pública, para as licenzas das terrazas, quedando redactada do seguinte xeito:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERIA NA VÍA PÚBLICA.

CONCEPTO	PREZO ACTUALIZADO
<i>Por m2 de instalación e mes do 1 de maio ó 30 de setembro</i>	3,03 €
<i>Por m2 de instalación e mes do 1 de outubro ó 30 de abril</i>	1,06 €

2º. Someter a modificación a exposición pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOPPO e no taboleiro municipal, ós efectos de presentación de reclamacións e suxerencias.

3º. No suposto de non formularse reclamacións, entenderase aprobado o acordo, ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro no BOPPO, para os efectos da súa entrada en vigor. Si se presentaran reclamacións, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Municipal.”

O SR. LAGO MORIÑA, logo da reunión cos colectivos hosteleiros é regular o espazo público e facilitar o exercicio dos hosteleiros e tamén mais calidade na vila.

Propoño a aprobación dos puntos da proposta.

O SR. COSTAS VILA, aínda que nos parece positivo foi feito precipitado. O informe de intervención fala dun informe riguroso. Podería facerse unha enquisa entre eles para animar a por as terrazas nese periodo, aínda así non se perdería tanto, lle proporía para compensar por a partida dos 12.400 euros da sinalización de igrexas.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, dixemos que lle dabamos cen días de cortesía ao goberno, pero no acto da toma de posesión falou do consenso con todos, é certo que vimos aquí as comisións informativas sen antes chamarnos .O día 20 de setembro fai os 100 días, e defenderemos aos veciños.

Non podemos vir así as comisións, se nos contesta que o fixo o CDL pero non estaba na carpeta.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A lei de Réxime Local marca, o Sr. Lago non o fai ben.

Non podemos ver noticias na prensa cada día sobre as terrazas, ¿cales son esas 6 terrazas que se van levantar?.

Imos exilio non nos gusta como leva as cousas, espero que rectifique.

¿Porqué algúns se lles facilita e a outro se lles levantan 2 mesas?.

A Policía non pode ir só a un, que vaia a todos.

¿Porqué nas festas na Avda de Castelao solicitan para 3 metros e teñen terraza de 6 de largo?, ¿sabe que é ilegal por non ter licenza de actividade.

Isto é unha institución, amigo.

O SR. LAGO MORIÑA, retíreo.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, retirado.

O SR. ALCALDE, cíñase.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, non me vai cortar a liberdade de falar, non pode ser uns sí, outros non.

Alguns do sector non poden ter as licenzas polo PXOM, non se pode rir dos hosteleiros, uns si outros non.

Temos claro boas medidas para eles, pero non hai tal aforro, non é tanto.

Séntese con todos, consensue, e sentémonos todos os grupos con eles.

É tema de calado.

Propoño se retire da orde do día, para consensual.

Non é na Plaza ou no Paseo Matutino.

Foi modificada a ordenanza no 2012 e apoiada polo PSOE e nos votamos en contra, hai que buscar acordos .

Pido respecto aos hosteleiros, imos defendelos. Pido que se mire a cuestión.

Retiré. Nos absteremos para alegar.

¿Cales son as terrazas que se van levantar?. Non se pode facer así.

Na Xunta de Goberno abre expedientes e logo vostede sae na prensa decindo de 3.000 a 6.000.

O 9 de agosto di na prensa, non pode saltarse a lei salta as normas, Vd. vende favores, corrixa esta cuestión Sra. voceira do PSOE.

Pido se retire. Absterémonos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, igual que no punto anterior, improvisado, dacordo con EU, precipitado, afán de protagonismo.

O PP modificou as ordenanzas de terrazas (en agosto 2012) e de ambulantes, contou co maior consenso posible e sempre se tiveron en conta aos hosteleiros.

Si vamos a acta dese pleno do 2012 recolle as cuestións sobre a ordenanza terrazas, se traerá unha vez se acade o consenso. Logo foi aprobada co maior consenso e contando cos hosteleiros.

Nos vemos sorprendidos que o PSOE foi o que tanto pedía consenso ¿onde está?, agora practican o contrario.

Moita propaganda na prensa, todos os días, parece que somos cidade sen lei. Moitos titulares faltándolle ao respecto aos hosteleiros.

O SR. ALCALDE, non se contradiga.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Creou un problema gravísimo, cando o que lle piden é que non lle poña mais trabas, mais flexibilidade horaria, sobre todo no verán, no inverno están baleiras.

Pídlle que nos reunamos con eles, consensuar. Vostede é novo aquí pero tanto presume de participación, son os que incumplen.

Nos levávamos control das terrazas, que se cumplan as ordenanzas, sexa fisible nos horarios e a quen non paga ningunha flexibilidade.

Acaba de comentar o Sr. Glez Carrera o acontecido na Avda Castelao, cortaron unha rua que comunica coa estrada a Salvaterra, deixaron instalar terrazas nesa estrada.

Nos preguntamos si existen favores, expliqueo.

A proposta non soluciona, as terrazas fan negocio no verán, nos invernos pouco.

Cabreo entre os hosteleiros e agora queren arranxalo.

Non hai estudo económico xustificativo, non houbo consenso cos grupos e afectados.

Explique si fixo algunha comparativa das ordenanzas de ocupación da via publica (terrazas, ambulantes, vallas) compare, con eso discrimina mais a venda ambulante.

Remato, dacordo co que dixo o Sr. González Carrera, pido que escoite ao sector, pido consensue con todos nos,

Pido o retiro da orde do día. O informe do inventor fala do plan de axuste, falemos e modifiquemos.

Sae o Sr. Costas Vila, incorporándose nuns intres.

O SR. LAGO MORIÑA, por suposto consenso, si hai que retiralo o faremos, agora ben este tema foi tratado co sector e estaban de acordo.

Non me dean vostedes leccións de terrazas, estaban irregulares e sen control.

Non hai man de ferro, pode haber flexibilidade horaria como día a oredenanza, pero non podemos aceptar que os viandantes non podan pasar.

Léolle o artigo 12 da ordenanza.

¿onde está a licenza de actividade dese local?, vostedes non controlaban.

Rectifico, imos tratalo por consenso.

Entendo que no inverno fan menos negocio.

Vostedes permiron a república bananera, e non falar da limpeza.

Retiramos a proposta.

Dende 1 de agosto temos 35 novas terrazas.

Pregúntelle á prensa sobre o tema das 6 terrazas, se sacou de contexto.

Lles advertimos por non cumprir as ordenanzas.

O SR. ALCALDE, tendo en conta o acordo dos grupos e segundo o dito polo concelleiro, imos retiralo.

Vai na liña de favorecelo, non é igual pagar 3 que 1 euro.

Recibiremos as propostas e buscaremos consenso .

Abertos a convocar reunións, convocaremos a todos os grupos e aos hosteleiros para encontrar a mellor solución para todos e para os veciños.



O SR. GONZÁLEZ CARRERA, agradezolle a cuestión pero non lle mentín, eu son S. Gonzalez.-

A data de hoxe non se mellorou, algunhas non teñen licenza.
Hai un erro na publicación na web non aparece a do 2012.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, ¿bananera? vostedes denunciaban todo, non denunciaron nada.

Goberno, non vote a culpa.

Na acta do 2012 se decía, por consenso, agora fai outro consenso. Todas as terrazas cumpren coa lei? ¿todas teñen licenzas actividade?.

O SR. ALCALDE, SR. Solla apague o micro.

Sabe moi ben que é o responsable de non ter Plan Xeral.

O SR. GONZALEZ SOLLA, meteron a pata,.

O SR. ALCALDE, non ten a palabra.

O SR. LAGO MORIÑÁ, a policia local e sua competencia.Hai 4 ordenanzas, non 3, quería refundilas nunha.

VOTOS Á RETIRADA.-18 votos a favor da retirada e 1 abstención do Sr.Troncoso Rodriguez.

Queda retirado o asunto.-

Ausentase o Sr. Freitas Dalmeida.-

7.-PROPOSTA DA ALCALDIA do 7-9-15 PARA DECLARAR O APOIO SOLIDARIO DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA AS VÍTIMAS DA TALIDOMINA NO ESTADO ESPAÑOL E OUTROS EXTREMOS.-

Visto o dictame da comisión informática de Benestar Social, Saúde e Consumo, do 10-91-15.

A SR. CARRERA BLANCO, expón a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APOIO ÁS VÍTIMAS DA TALIDOMINA.

“Xosé Represas Giráldez como Alcalde e no nome do goberno municipal de Ponteareas, presenta a seguinte MOCIÓN de AVITE-Asociación de Víctimas de Talidomida de España, para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A Talidomida foi patentada en España en Marzo de 1954, tratábase dun maravilloso sedante sen efectos secundarios, e ademais paliaba as náuseas e vómitos das embarazadas. Logo comezaron a nacer un número desproporcionado de nenos con grves malformacións en brazos e/ou pernas, incluso carecendo de ambas, e en novembro de 1961 os doutores Widukim Lenz (alemán) e Claus Knapp (español) descubren A RELACIÓN ENTRE A Talidomida e as malformacións. Entre novembro de 1961 e maio de 1962 foi retirada do mundo enteiro, menos no Estado Español, onde se continúa vendendo a sabendas das súas consecuencias, ó menos ata 1975. A farmacéutica alemán Grünenthal fixo en España o seu negocio.

A catástrofe da Talidomida serviu para cambiar toda a lexislación en materia de control sanitario de medicamentos, alimentos, bebidas e artigos de consumo humano, polo que podemos dicir que grazas á Talidomida a humanidade pode estar tranquila, sobre todo cos medicamentos. Escaso foi o agradecemento para coas súas vítimas, no Estado Español, absolutamente nulo.

A diferenza doutros países, as vítimas vivas de Talidomida que quedan no Estado Español, a gran maioría, sobrevive das axudas familiares, a caridade, a igrexa, as institucións de axuda social, e incluso exercendo a mendicidade polo chan das rúas das grandes cidades. Frac favor para aqueles a quen a humanidade debe tanto.

Polo anteriormente exposto, propomos ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º Declarar o Apoio SOLIDARIO do Concello de Ponteareas, para coas vítimas da Talidomida no Estado Español, e en particular á Asociación AVITE, pola súa loita en pro e favor das vítimas de este fármaco, pola débeda histórica que o Estado Español ten cos afectados e os seus familiares, desde fai 60 anos.

2º Dirixirse á farmacéutica alemán Grünenthal, imperio farmacéutico mundial e afincada no territorio do Estado Español, responsable da masacre, solicitándolle que sen máis dilación, indemnice ós afectados do Estado Español.

3º Que independentemente da indemnización á que poidan ter dereito cada un dos afectados, polo dano que lle produxo a farmcéutica nos seus corpos antes de nacer, ademais dos danos novos, continuos e permanentes que seguen aparecendo nos seus corpos cada día, despois de 60 anos, instar tamén ó Presidente do Goberno de España, para que como medida social, o goberno do Estado (a través do organismo que corresponda) filtre quen pode ser afectado ou non, de Talidomida no Estado, e conceda pensións vitalicias ós afectados, ata que falezan, como están percibindo os afectados do resto de países do mundo.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

4º Remitir este acordo, á Asociación AVITE, o laboratorio alemán Grünenthal afinado en España, como multinacional, e tamén ó Presidente do Goberno do Estado Español.”

O SR. COSTAS VILA, totalmente dacordo, non se pode permitir o lucro de empresas e por riba perxudicar a moitas personas que foron afectadas.

O Estado ten que facerse cargo delas.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, apoio a proposta.

A SRA. BAUTISTA ALFAYA, ACIP a favor.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, o PP a favor.

VOTACION.-Unanimidade dos membros presentes (18 votos a favor).-

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

1º Declarar o Apoio SOLIDARIO do Concello de Ponteareas, para coas vítimas da Talidomida no Estado Español, e en particular á Asociación AVITE, pola súa loita en pro e favor das vítimas de este fármaco, pola débeda histórica que o Estado Español ten cos afectados e os seus familiares, desde fai 60 anos.

2º Dirixirse á farmacéutica alemán Grünenthal, imperio farmacéutico mundial e afincada no territorio do Estado Español, responsable da masacre, solicitándolle que sen máis dilación, indemnice ós afectados do Estado Español.

3º Que independentemente da indemnización á que poidan ter dereito cada un dos afectados, polo dano que lle produxo a farmcéutica nos seus corpos antes de nacer, ademais dos danos novos, continuos e permanentes que seguen aparecendo nos seus corpos cada día, despois de 60 anos, instar tamén ó Presidente do Goberno de España, para que como medida social, o goberno do Estado (a través do organismo que corresponda) filtre quen pode ser afectado ou non, de Talidomida no Estado, e conceda pensións vitalicias ós afectados, ata que falezan, como están percibindo os afectados do resto de países do mundo.

4º Remitir este acordo, á Asociación AVITE, o laboratorio alemán Grünenthal afinado en España, como multinacional, e tamén ó Presidente do Goberno do Estado Español.”

O SR. ALCALDE anuncia un receso duns 10 minutos. As 22 horas 4 minutos, suspéndese a sesión.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Reanúdase o pleno as 22,16 horas cos asistentes: Sr. Alcalde, Dona M^a Jesús Garrote Represas, Dona Hortensia Bautista Fernández, Dona Cristina Fernández Davila, Dona Verónica Carrera Blanco, Don Francisco F. Alonso Pedreira, Don Mario Lago Moriña, Don Benito Marquez Castro, Don Manuel Troncoso Rodriguez, Don Lino Costas Vila, Don Salvador González Solla, Dona Belén Villar González, Don Andrés Sampedro Fernandez, Don Jesus Manuel Cao Vila, Don Alberto Novoa Iglesias, Don Domingo Freitas Dalmeida, Don Juan Carlos González Carrera e Dona Raquel Bautista Alfaya. Non asiste Dona M^a Soledad Valado Pérez.

8.-PROPOSTA DA ALCALDIA DE DECLARACION DE PONTEAREAS COMO VILA ACOLLEDORA DE PERSOAS QUE BUSCAN REFUXIO EN EUROPA, e CREACIÓN DUN REGULAMENTO DE FAMILIAS ACOLLEDORAS, SEGUNDO ESCRITO DE EU REXISTRO 7402.-

O SR. ALCALDE, hai 2 propostas se someterán a votación, a do goberno e a de EU de data 09-09-15.

-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN VILA ACOLLEDORA DE PERSOAS REFUXIADAS.

“Esta Alcaldía

Propón ó Pleno municipal aprobar

1 A declaración de Ponteareas como vila acolledora de persoas que buscan refuxio en Europa.

2. A creación dun rexistro de familias acolledoras, e ase mesmo propoño

3. Tratamento do escrito de EU con rexistro 7402, sobre o mesmo sentido.”

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, a proposta precisa de necesidade real, situación que atingue a toda Europa, pero dende o concello e a través da presión social tratase de apoiar a todos os refuxiados. A presión pode ser útil e tamén e útil para a xenofobia alentados por gobernos que raian a extrema dereita. Impulsar a acollida por ser persoas, situación provocada por potencias mundiais e pola economía. Nos están enganando para aproveitar expulsar ás persoas das Illas Gregas, Hungría...(aumento de xenofobia), e dende o goberno central, autonómicos e locais, hai que atallar iso.

Europa levanta vallas, penso se equivocan.

Temos o deber de traballar nos, de dar solución a este problema como outros concellos que acollen a rexufiados de guerra que intentan achegarse a Europa con risco da perda da súa vida.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Demostrar que somos un concello solidario propoñemos:

1 A declaración de Ponteareas como vila acolledora de persoas que busan refuxio en Europa.

2. A creación dun rexistro de familias acolledoras.

O rexistro crearase coa colaboración dos servizos sociais municipais, solicito se aprobe xa.

-O ESCRITO PRESENTADO POR IU-SON, O 9 DE SETEMBRO DE 2015, PARA A APLICACIÓN DE POLÍTICAS REAIS DE XUDA A REFUXIADOS:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

“Ó longo de 2014 chegaron a Italia 170.000 inmigrantes e solicitantes de asilo pro ía marítima, contándose por miles os mortos na travesía. No presente ano 2015 máis de 350.000 persoas refuxiadas fuxiron da pobreza e da guerra nos seus países de orixe e cruzaron o Mediterráneo para acadar Europa. Durante esa travesía desgraciadamente máis de 2.500 persoas morreron atendendo so ós datos oficiais publicados pola Axencia da ONU para os refuxiados. O salvamento e traslado a porto dos inmigrantes xerou un vivo debate n UE sobre o seu reparto e acollida, pondo en cuestión a solidariedade comunitaria e a eficacia da política común de inmigración.

A intervención militar e diplomática de forzas da OTAN, así como o expolio dos recursos naturais dos países de Oriente Próximo, Norte de África e da África subsahariana provocan a partida destes milleiros de persoas dos seus fogares. A Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) estima que estes conflitos teñen provocado en 2014 unha cifra récord de 59 millóns de refuxiados e desprazados internos, superando por primeira vez as cifras da Segunda Guerra Mundial. Os conflitos violentos en Siria, Libia, Sudán, o chamado Estado Islámico, Malí, Iraq e de outros países africanos o de Oriente Próximo foron avivados e promovidos polas potencias europeas entre as que se encontra España. Os sucesivos gobernos do PSOE e do PP deron o apoio á intervención militar e á acaparáción económica nestes territorios.

Tamén debemos de subliñar a actuación dos gobernos españois con respecto ás solicitudes de asilo provintes de persoas fuxidas do Sáhara Occidental, no que o Estado español. Ten unha clara responsabilidade do acontecido ó pobo saharai. Eses prefiren antepor os intereses económicos das grandes familias da oligarquía española, á xustiza cos integrantes do pobo saharai que sofren a represión do réxime marroquí dende o desentendemento de España no 1975 dese territorio.

O Mediterráneo convertiuse na fronteira migratoria máis desigual do mundo, cunha diferenza de renda per cápita entre as dúas ribeiras inaceptable, sendo a



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

renta per cápita española equivalente a seis veces a marroquí, e a italiana cinco veces a exipcia.

O fluxo migratorio actual transmediterráneo iniciouse no 2011, cando algúns Estados costeiros, básicamente Tunisia, e Libia, perderon a capacidade de controlar a saída de emigrantes dende as súas costas tras as chamadas “primaveiras-árabes”, invalidando os acordos que Italia firmara en anos anteriores. Nese ano, as rutas do Mediterráneo occidental (entre Marrocos e España) e do Atlántico (dende Mauritania, Senegal e outros países costeiros veciños, hacia Canarias) estaban xa moi controladas.

O peche destas rutas desplazou a presión migratoria cara o leste, e a fronteira greco-turca convertiuse na principal porta de entrada da inmigración ó espazo Schengen. A partir de entón, o Mediterráneo central (entre Italia e Tunisia ou Libia) convertiuse na ruta principal e, unha vez que Tunisia logrou certa estabilidade Libia pasou a ser o punto de saída. Esta combinación está diminuíndo a entrada en Libia de inmigrantes e está desviando de novo a parte de eles hacia as rutas marítimas e terrestres do leste. Así, nas últimas semanas as illas gregas e a fronteira terrestre oriental do espazo Schengen (Hungría, cun fluxo que ven dende Serbia) están vivindo un aumento considerable das chegadas. Este verán é un dos máis terribles e deshumanizados que lembramos. As nosas institucións e gobernos, de forma vergoñenta, miran cara outro lado cando se encontran milleiros de seres humanos que tan só queren unha vida digna e en paz. E o peor é o que din estas institucións, como o goberno español: “non temos recursos para atender a todos”. Para Esquerda Unida-Son a vida non é negociable. So os que entenden as relacións humanas dende o punto de vista mercantil, dende o punto de vista de beneficios ou perdas, compartirán esta visión capitalista do mundo no que os seres humanos somos “ cousas ” que serven para enriquecer ás corporacións que teñen o poder (ese que non nace das eleccións democráticas), fronte os e as traballadoras que so andamos na procura dun futuro mellor. Estase intentando normalizar o terror de moitas persoas convertindo as nosas presuntas democracias nun réxime inhumano, e ese é un problema que debe abordar o noso goberno.

Esiximos das nosas institucións europeas a nacionais, que son as competentes en materia de inmigración, que acometan o debate sobre a raíz deste problema para abordar de forma real o drama que están vivindo centos de miles de persoas que tratan de achegarse a Europa polo Mediterráneo xogándose a vida, que non é outra que as guerras e o aproveitamento sen escrúpulos dos recursos naturais por parte das potencias occidentais e subseguinte desigualdade abismal entre rexións. Nin o parlamento europeo nin o noso poden seguir de brazos cruzados mentres o drama no Mediterráneo aumenta día tras día.

Europa debe recuperar a humanidade e, sobre todo, recoñecer que a proposta militar fracasou. En primeiro lugar, porque pese a algunhas operacións de de



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

salvamento resultaran positivas, como a das 4.400 persoas en Italia, o goteo incesante de mortes son se evitou. E en segundo lugar, porque o sistema de reparto de refuxiados que se propuso dende o inicio recibiu a negativa de numerosos Estados membros, entre os que está o Estado español. As mortes no Mediterráneo, a situación nas illas gregas, o drama nas fronteiras de Francia, Macedonia ou Hungría e o aumento da xenofobia institucional como o caso de Reino Unido e Hungría, merecen unha resposta firme por parte dos europarlamentarios e europarlamentarias, así como dos gobernos nacionais, incluído o español.

Europa decidiu defenderse en vez de actuar consecuentemente. Continúa pondo en práctica políticas restritivas, reforzando Frontex, levantando vaias e facendo grandes anuncios sobre pseudo-operacións de salvamento, mentres segue sen prestarlle atención ás verdadeiras causas deste drama humano, que non son outras que as políticas económicas, de guerras e de expolio que patrocina en Oriente Medio e África.

Temos o deber de traballar tamén a nivel local para dar solucións a este problema, concellos como os de Barcelona, Sant Feliu de Llobregat, Sabadell e Valencia manifestaron a súa vontade de participar nunha rede de cidades-refuxio que acollan ás persoas refuxiadas que intentan achegarse a Europa pondo en grave peligro as súas vidas.

A presión social pode ser moi útil para romper a dinámica establecida por algúns gobernos, como o español, que afirman que non teñen medios suficientes para ampliar as súas cotas de aceptación de refuxiados. Tamén a presión social é útil para combater os brotes xenófobos contra as persoas refuxiadas que xurden en Europa, alentados por grupos e gobernos de extrema dereita.

Debemos impulsar a acollida a estas persoas como esixencia da súa dignidade como persoas.

Ante esta situación de crise humanitaria provocada polas potencias mundiais e para evitar que o papel do noso país quede relegado a ser un dos participantes nese disparate humanitario no que se están regateando cifras de persoas co discurso de “efecto chamada”, cando por outra banda se aproveita dos territorios que expulsan ós migranes, o Pleno Municipal,

ACORDA:

PRIMEIRO:

O Concello de Ponteareas declara a súa disposición a axudar e acoller como vila refuxio ás persoas que fuxan da guerra e a persecución nos seus países e solicitan asilo na Unión Europea e para iso adoptará as seguintes medidas:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

1. Creación dun grupo de traballo entre os servizos sociais municipais e outras organizacións locais para definir as medidas a adoptar desde o Concello, para poder acoller a persoas refuxiadas no municipio.

2. Preparar unha relación de posibles lugares de acollida, preferentemente de propiedade municipal.

3. Habilitar unha partida económica para as actuacións municipais a adoptar así como para colaborar coas organizacións que traballen na acollida a persoas refuxiadas.

SEGUNDO:

O Concello de Ponteareas, de acordo coa proposta de CEAR (Comisión Española de Axuda ó Refuxiado) esixe á Unión Europea e os seus Estados membros, especialmente ó Goberno de España, que poñan en marcha, con carácter urxente, as seguintes medidas:

1. Desenvolver unha nova política de asilo e migración europea na que se priorice ás persoas e os dereitos humanos.

2. Por en marcha unha operación de rescate e salvamento eficaz que conte cos medios e o alcance necesarios, cumprindo co deber de socorro, co fin de evitar máis mortes no Mediterráneo.

3. Habilitar vías legais e seguras que garantan o acceso ó dereito de asilo ás persoas refuxiadas evitando que teñan que emprender travesías mortais para obter protección nun país seguro. Para iso é necesario:

-Reforzar os programas de reasentamento en coherencia co número de refuxiados existente, asumindo un reparto equitativo e solidario entre todos os Estados.

-Garantir a posibilidade de pedir asilo en embaixadas e consulados nos países de orixe e tránsito.

-Activar políticas de concesión de visados humanitarios.

-Eliminar a esixencia do visado de tránsito para aquelas persoas que proceden de países en conflito.

-Facer realidade a Directiva Europea de Protección Temporal activando o mecanismo contemplado para facer fronte a emexencias humanitarias.

-Abordar as causas que provocan os desplazamentos forzados, tanto por conflitos bélicos como a apropiación de recursos.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

-Propor e por en marcha novos mecanismos non militarizados de xestión dos fluxos migratorios en Europa, e por ende en España.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á veciñanza do municipio, a CEAR, ó Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Diputados e á Comisión Europea.”

O SR. COSTAS VILA, resulta neste momento pertinente a moción coas novas que vemos todos os días na televisión, pero non é novo o problema, aproveitemos antes de que saida da TV.

Estes centos, miles de personas que pretende acoller Europa ten unhas causas que son as que provocan isto, as políticas de Estados Unidos e de Europa e tamén a do PP e PSOE; (falamos de Siria, Libia, Somalia, Ucraia, etc) ou a colaboración do Estado reprimindo aos saharauis ,políticas de rapiña para expoliar a países do tercer mundo.

Propoño se aproben os puntos da moción de EU.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ACIP a favor, pero o Alcalde primeiro dixo un punto, logo outro, faltaba algo máis.

Sr. Lino, estamos dacordo coa proposta de EU, fala de todo e dos medios, recolle todo o que hai que facer, felicito a EU.

O SR. GONZALEZ SOLLA, comparto o dito por ACIP.

Primeiro foi a presentada por EU, logo o goberno apuntouse ao carro,pero sen tanto rigor.

Trátase dunha grande crise humanitaria, é certo que se levan perdidas vidas, todos nos implicaremos en buscar solucións, non só da UE senón da internacionalidade, de todos.

A favor da moción de EU, moi detaiada, a apoiamos.

No tema do rexistro proposto polo goberno, nos absteremos, non sabemos en que condicións se faría polo tema da protección de datos.

Poñámonos a traballar todos e xuntos coa FEGAMP.

Serán mais se non se toma en serio unha verdadeira politica de axuda aos refuxiados.

A favor da proposta de EU.

A favor do 1º punto da do goberno pero no 2º punto anunciamos abstención.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. MARQUEZ CASTRO, dende o PSOE apoiamos todos os puntos.

Trátase dunha problemática humanitaria urxente, que todas as institucións poñan solucións, que non pase o da guerra civil.

O problema da Unión Europea non é de medios, é de principios e nos alegra que os grupos de dereitas de Ponteareas apoien.

Dacordo en dar lugares de acollemento, pero tamén ofrecer plazas escolares para os nenos, apoio social e xurídico, e como fixo o PSOE instamos ao resto dos grupos a que os refuxien nas súas sedes.

O SR. TRONCOSO RODRÍGUEZ, non é un caso de solidariedade, é de xustiza.

Sr. Solla, acabo de decir o rexistro será coordinado polos servizos sociais, sabe vostede como se funciona de sobra, por parte dos traballadores e dos responsables.

Simplemente matizar.

O SR. ALCALDE, apoiamos a proposta de EU, non hai contradición.

En canto á partida económica, xa veremos coa nosa limitación para atender o acordo.

Creo necesario o rexistro de familias acolledoras, que quede rexistrado todo, co organismo de servizos sociais, cordinándose coa FEGAMP. Mantemos o rexistro de familias.

Quen debe asumir o asunto é o goberno español e se trata de contribuir coas nosas posibilidades.

VOTACIÓN A PROPOSTA DA ALCALDIA EN NOME DO GOBERNO (puntos 1 e 2).-

Apartado 1.-Unanimidade a favor dos membros presentes (18 votos a favor).

Na sua consecuencia queda aprobado:

-A declaración de Ponteareas como vila acolledora de persoas que busan refuxio en Europa.

Apartado2. -12 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada do Tea, 2 ACIP, 1 EU), 6 abstencións do PP.

Na sua consecuencia queda aprobado:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

-A creación dun rexistro de familias acolledoras,

VOTACIÓN Á PROPOSTA DE EU:

Unanimidade a favor dos membros presentes (18 votos a favor).-

Na súa consecuencia queda aprobado:

PRIMEIRO:

O Concello de Ponteareas declara a súa disposición a axudar e acoller como vila refuxio ás persoas que fuxan da guerra e a persecución nos seus países e solicitan asilo na Unión Europea e para iso adoptará as seguintes medidas:

- 1. Creación dun grupo de traballo entre os servizos sociais municipais e outras organizacións locais para definir as medidas a adoptar desde o Concello, para poder acoller a persoas refuxiadas no municipio.*
- 2. Preparar unha relación de posibles lugares de acollida, preferentemente de propiedade municipal.*
- 3. Habilitar unha partida económica para as actuacións municipais a adoptar así como para colaborar coas organizacións que traballen na acollida a persoas refuxiadas.*

SEGUNDO:

O Concello de Ponteareas, de acordo coa proposta de CEAR (Comisión Española de Axuda ó Refuxiado) esixe á Unión Europea e os seus Estados membros, especialmente ó Goberno de España, que poñan en marcha, con carácter urxente, as seguintes medidas:

- 1. Desenvolver unha nova política de asilo e migración europea na que se priorice ás persoas e os dereitos humanos.*
- 2. Por en marcha unha operación de rescate e salvamento eficaz que conte cos medios e o alcance necesarios, cumprindo co deber de socorro, co fin de evitar máis mortes no Mediterráneo.*
- 3. Habilitar vías legais e seguras que garanticen o acceso ó dereito de asilo ás persoas refuxiadas evitando que teñan que emprender travesías mortais para obter protección nun país seguro. Para iso é necesario:*

-Reforzar os programas de reasentamento en coherencia co número de refuxiados existente, asumindo un reparto equitativo e solidario entre todos os Estados.



-Garantir a posibilidade de pedir asilo en embaixadas e consulados nos países de orixe e tránsito.

-Activar políticas de concesión de visados humanitarios.

-Eliminar a esixencia do visado de tránsito para aquelas persoas que proceden de países en conflito.

-Facer realidade a Directiva Europea de Protección Temporal activando o mecanismo contemplado para facer fronte a emexencias humanitarias.

-Abordar as causas que provocan os desplazamentos forzados, tanto por conflitos bélicos como a apropiación de recursos.

-Propor e por en marcha novos mecanismos non militarizados de xestión dos fluxos migratorios en Europa, e por ende en España.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á veciñanza do municipio, a CEAR, ó Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Diputados e á Comisión Europea.”

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, Sr. Alcalde, a nos nos impide tratar mocións argumentando o tema económico, e falou agora de partida orzamentaria.

O SR. ALCALDE, aclarei.

O SR. GONZALEZ CARRERA, podería traer a dos libros de texto para os escolares.

O SR. ALCALDE, a dos libros é partida concreta e neste caso ver as posibilidades na partida dos servizos sociais.

9.-PROPOSTA DO 7-9-15 DA ALCALDIA EN NOME DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE APARCAMENTO E HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO DE VIGO.-

Visto dictame da comisión informativa de Benestar Social do 10-9-15.

O SR ALCALDE, non se trata só do tema do aparcamento, senón do Centro en xeral.

A SRA. GARROTE REPRESAS, dende o PSOE xa truxemos outras iniciativas como a do transporte metropolitano.

A concesionaria privada do Alvaro Cunqueiro costará 1350 millóns, cando estaba previsto (SPI) 450 millóns.



Aparte non resolven, reducen 620 camas e non falar da perda de especialidades.

A moción é do teor:

“Xosé Represas Giráldez como Alcalde e no nome do goberno municipal de Ponteareas, presenta a seguinte MOCION SOBRE O NOVO HOSPITAL “ALVARO Cunqueiro”, para o seu debate no Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A privatización do novo hospital de Vigo cuxo financiamento e xestión adxudicouse a unha concesionaria privada integrada por empresas construtoras, multinacionais e fondos de investimento internacional multiplicou o custo final desta infraestrutura, chegando a superar os 1.350 millóns de euros para pagar en 20 anos, a pesar de que, estaba previsto inicialmente construílo pola Sociedade Pública de Investimentos (SPI) por un total de 450 millóns.

Maila o incremento orzamentario, non se resolveron nin a resolución do déficit de recursos, ou a mellora nas listas de espera, nin se lle da unha solución a un servizo de urxencias permanentemente saturados, senón que, co beneplácido do SERGS, este sobrecoste só serviu para introducir unha serie de recortes no proxecto inicial como a redución de 620 camas.

A perda dos servizos de oncoloxía radioterapia, cirurxía torácica, neurocirurxía, cirurxía plástica, cirurxía pediátrica, cardioloxía intervencionista e cirurxía cardíaca, así como as reducións das camas de hospitalización convencional nun 31,80%, dos quirófanos nun 31,40%, dos servizos urxencias nun 55,50% ou da radioloxía nun 45,70%, así como a desaparición do laboratorio central que estaba deseñado no proxecto inicial, impiden que este novo hospital se poida converter no centro de referencia de toda a área sanitaria de Vigo.

Por outro lado, o transporte público de Ponteareas ó hospital “Alvaro Cunqueiro” é claramente insuficiente coa actual combinación de autobuses e causa un grave prexuízo, en canto a tempos de desprazamentos e custe dos mesmos, para toda a cidadanía das comarcas de O Condado e A Paradanta, con relación a situación anterior de atención no Hospital do Meixoeiro.

A esta situación tamén se suman os recortes xa adoptados polo goberno da Xunta de Galicia que privan a este novo hospital do seu carácter estratéxico que o equiparaba ós hospitais do norte de Galicia ó suprimise os módulos de docencia, investigación, rehabilitación ou o hotel de pacientes e as 160 camas de coidados mínimos intermedios.

A sanidade é un servizo público fundamental polo que non debe estar ligada á busca do beneficio empresarial. Por iso fórmulase a recuperación da concesión garantindo con iso que o novo hospital de Vigo sexa cen por cento público.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Cabe destacar por outro lado que, sen alternativas de balde, constrúese un aparcadoiro no que terá que estacionar non só o persoal senón tamén os usuarios do hospital ou as familias das persoas enfermas. Estase a obrigar ás persoas usuarias do hospital a pagar por aparcar sen que exista outra alternativa o que supón un copago encuberto da asistencia sanitaria que defendemos que debe ser universal, pública e gratuíta.

Polo anteriormente exposto, propomos ó Pleno da Corproación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º Asumir o custo de mantemento, conservación e explotación do aparcadoiro construído na contorna do hospital e que se instaure súa gratuidade de maneira inmediata.

2º Que implante un plan específico de transporte para o novo hospital con conexión áxil e directa de Ponteareas e todos os concellos da rede sanitaria para que se atenda a toda a cidadanía con criterios claros de equidade.

3º Que se revogue a concesión do hospital xa que este hospital non é nin polo seu modelo de construción público privado nin polos recursos implantados o que os cidadáns necesitan nin moito menos o que estaba previsto.

4º Que o novo hospital sea 100% público para o conxunto da Área Sanitaria de Vigo na que Ponteareas esta incluída.

A SRA. GARROTE REPRESAS, tal como quedou expresado na manifestación de Vigo, nefasta a xestión da Xunta, e ademais do expresado na moción, nos implantan un aparcamento privado de pago, atraco da Xunta.

Cando din que é cuestión económica, cando nos din Povisa costa 75 millóns de euros ; nos defendemos a sanidade pública.

O SR. COSTAS VILA, comparto totalmente a exposición e os puntos de acordo, ante intentos de privatización da sanidade. A privatización significa afondar no expolio á clase traballadora e con este tipo de modelo en lugar de financiar sanidade é pagar a empresas por levar a xestión, un roubo.

O PSOE e o PP aprobaron a lei de novas formas de xestión e se foi privatizando a sanidade.

Espero que coas vindeiras eleccións se derogue a lei e sexa soamente xestión pública.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, de acordo, dende A Riada do Tea sempre defenderemos a sanidade e o ensino.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, de acordo, todos pensamos igual, todos pagamos pola sanidade pero mirando os puntos de acordo no 1º estamos dacordo, o 2º xa está un pouco solucionado e o 3º e 4º non o van a ter en conta.

Nos tamén acudimos á manifestación. De acordo.

Sae o Sr. González Carrera, incorporándose nuns intres.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, ¿Porqué se fixo o hospital?, no 2004 era corto para a área de Vigo. O bipartito da Xunta encargou a redacción dun estudo de financiamento, nese estudo o PSOE incluía como modelo mais viable. O PSOE acude a este modelo, estaba claro naquel informe.

Era acudir á concesión. Se dixo que o hospital sería privado, non é así é público e gratuito, si é certo que con servizos externos que tamén se prestan noutros hospitais.

A moción é tipo. Falan de perda de servizos, non haberá perdas. Falan de quirófanos, haber mais. Servizo urxencias, mais superficie que a do Meixoeiro. Laboratorio completo que da resposta as urxencias e as analíticas urxentes. O novo hospital poderá realizar todas as probas de laboratorio.

Transporte: se ampliará, frecuencias de 4 a 13 frecuencias diarias/ida e volta.

Aparcadoiro, a todos nos preocupa o tema, os de Ponteareas cando ian ao Meixoeiro tiñan outras alternativas. Agora está en concesión e nos solicitamos á Xunta e ao concello de Vigo que se poñan a traballar.

A Xunta en Vigo tivo que expropiar terreos, o Concello de Vigo incumpliu os puntos de acordo, así como o transporte metropolitano, entorpecen.

Queremos mellorar a sanidade.

Presentamos unha emenda de substitución. Isto é o que aprobaron en Mos por unanimidade de todos os grupos.

A emenda di:

“A finais do pasado mes de xuño o novo Hospital de Vigo “Álvaro Cunqueiro” abriu as súas portas, e tendo en conta as numerosas queixas por parte da veciñanza do Concello de Ponteareas como usuarios destes servizos sanitarios, se considera necesario abordar coa máxima celeridade o normal



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

funcionamento do novo Hospital, evitando así que os veciños e veciñas se vexan perjudicados.

E por todo isto esta Corporación Municipal ACORDA:

1.- Solicitar á Xunta de Galicia un informe en relación aos custos reais que deben asumir persoalmente tanto pacientes como familiares ou acompañantes, derivados de períodos de hospitalización, consulta ou tratamento referidos a calquera tipo de servizo prestado nas instalacións do novo Hospital Álvaro Cunqueiro (uso de sofás polos acompañantes, almorzós para pacientes en tratamento,...)

2.- Demandar ás autoridades competentes no transporte a adopción de medidas necesarias que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso ao hospital da nosa área sanitaria, e especialmente para o novo Hospital.

Esta rede terá que garantir uns sistemas de transporte coordinado intermodal. Máis alá dos concellos onde residan as usuarias e usuarios, sexa na área metropolitana ou fora dela.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a gratuidade do parking do Hospital Álvaro Cunqueiro

Pido 5 minutos para consensuar.

O SR. ALCALDE, é unha pena que non se tratara antes esta cuestión.

O SR. GONZALEZ SOLLA, desculpas, dicir que de acordo cos puntos 1º e 2º da proposta.

O SR. ALCALDE, a nosa proposta foi consensuada cos Alcaldes da Comarca.

A Xunta foi a que non deu solución, e con relación ao transporte público Louriña e outros son os peor parados.

Fixo favorecer o negocio privado do aparcamento, e a día de hoxe agardamos que se reuna coas comarcas e plantexen solucións.

A moción segue plenamente vixente.

Non sei cal é a postura dos portavoces.

A SRA. GARROTE REPRESAS, defendo a que plantexa o goberno.

Non ten cabida a emenda de substitución.

A pregunta é ¿como fixeron para gastar 800 millóns e facer unha chapuza?.

O novo hospital perde entre outras cirurxía plástica, cardíaca...)

A referencia está no hospital de Santiago e por exemplo Povisa segue mantendo a área de queimados.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, dixen que a mesma que se aprobou en Mos. Pido receso.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A SRA. GARROTE REPRESAS, cando fala das novas liñas de transportes foi sentarnos coas empresas e reunimos cos Alcaldes pero non tiñan as liñas para parar no A. Cunqueiro, é certo logo se aumentou. É certo que nos en Santiago á directora de Mobilidade solicitamos frecuencias.

A falta de planificación da Xunta, e patente.

Desfeita e despropósito é o que está a pasar.

O Concello de Vigo non é responsable, é a Xunta e antes do traslado debían ter todo perfecto, non hai control.

Defendemos a nosa proposta, aínda que haberá receso para analízalo.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, non a lugar ao receso, puidose facer antes, o que se propón non varía tanto coa nosa.

Como voceira do BNG non estou dacordo co receso.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, me sorprende que non queiran receso, pero me parece que sería bo para todos, ter unanimidade.

O SR. ALCALDE, as 23,15 horas anuncia un receso de dous minutos.

Ás 23,22 horas se reanuda o pleno cos asistentes: Sr. Alcalde, Dona M^a Jesús Garrote Represas, Dona Hortensia Bautista Fernández, Dona Cristina Fernández Davila, Dona Verónica Carrera Blanco, Don Francisco F. Alonso Pedreira, Don Mario Lago Moriña, Don Benito Marquez Castro, Don Manuel Troncoso Rodriguez, Don Lino Costas Vila, Don Salvador González Solla, Dona Belén Villar González, Don Andrés Sampedro Fernandez, Don Jesus Manuel Cao Vila, Don Alberto Novoa Iglesias, Don Domingo Freitas Dalmeida, Don Juan Carlos González Carrera e Dona Raquel Bautista Alfaya.

VOTACIÓN Á PROPOSTA DO GOBERNO.-Puntos 1 e 2.-Unanimidade a favor dos membros presentes (18 votos a favor- (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU, 6 PP, 2 ACIP).

Na sua consecuencia queda aprobado:
Instar á Xunta de Galicia.

1º Asumir o custo de mantemento, conservación e explotación do aparcadoiro construído na contorna do hospital e que se instaure súa gratuidade de maneira inmediata.

2º Que implante un plan específico de transporte para o novo hospital con conexión áxil e directa de Ponteareas e todos os concellos da rede sanitaria para que se atenda a toda a cidadanía con criterios claros de equidade.

O SR. ALCALDE, anuncia votación á emenda do PP.

O Sr. González Solla pide que consta en acta que o contido desta emenda foi a que se aprobou en Mos por todos os grupos.



VOTOS Á EMENDA DO PP.-8 votos a favor (6 PP, 2 ACIP). Votos en contra: 10 (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU)

Na sua consecuencia, queda rexeitada a emenda do PP.

VOTACIÓN AOS APARTADOS 3 e 4 DA PROPOSTA DO GOBERNO:

12 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU, 2 ACIP), e 6 abstencións do PP.

Na sua consecuencia acordase:

3º Que se revogue a concesión do hospital xa que este hospital non é nin polo seu modelo de construción público privado nin polos recursos implantados o que os cidadáns necesitan nin moito menos o que estaba previsto.

4º Que o novo hospital sea 100% público para o conxunto da Área Sanitaria de Vigo na que Ponteareas esta incluída.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, ausentase uns momentos, regresando de seguido.

10.-PROPOSTA DA ALCALDIA DO 7-9-15 SOBRE O PROBLEMA DA AVESPA ASIÁTICA.-

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, expón a moción do teor:

“Dende o ano 2012 que chegou as costas de Galiza, a avespá asiática, -vesta velutina nigrotorax- está provocando un grave problema medioambiental e produtivo.

A avespá asiática é unha avespá carnívora que se alimenta das abellas autóctonas para alimentar as súas crías. Nesta época do ano os seus avespaios acadan un máximo desenvolvemento e estragan tamén a froita.

É urxente adoptar dende ás administracións públicas as medidas necesarias para reducir drasticamente esta especie invasora. As abellas xogan un papel fundamental nas nosas colleitas, debemos lembrar que sen abellas non hai polinización e sen polinización non hai biodiversidade nin produción.

A Xunta de Galicia non está actuando con rapidez cando aparecen os niños, nin o fai en coordinación cos apicultores, nin aplicando os protocolos recomendados por todo o mundo apícola para eliminar os niños, estando neste momento desbordada pola rápida adaptación ó noso país desta especie invasora.

Tendo en conta que se trata dunha ameaza para os apicultores, viticultores e poboación en xeral.

ACORDOS:



Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar a:

- 1. Habilitar un fondo para que os concellos afectados pola praga da avésa asiática poidan adquirir as ferramentas necesarias para eliminar os niños desta avésa.*
- 2. Incrementar os medios para retirar os niños de avésa asiática e unha adecuación dos protocolos previstos no modo de aplicación.*
- 3. A intensificar a distribución de trampas para colocar no outono e na próxima primavera*
- 4. Poñer en marcha cursos de formación e divulgación sobre a avésa asiática para o persoal do Corpo Municipal de bombeiros e do voluntariado do Servizo de Protección Civil e emerxencias.*
- 5. A convocatoria das asociacións de apicultores e ós representantes dos Concellos para tratar sobre a praga da avésa asiática.*
- 6. a realizar unha declaración oficial da existencia dunha praga de avésa asiática nesta zona e noutras comarcas de Galicia especialmente afectadas, recoñecendo os grandes prexuízos económicos e medio ambientais que está provocando.*
- 7. Instar á Xunta de Galicia a que poña medios suficientes, en colaboración con outros organismos, para desenvolver traballos de investigación nesta área.*
- 8. Comunicar este acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Medio Rural e do Mar e ós concellos da provincia afectados pola praga da avésa asiática.”*

O SR. COSTAS VILA, dacordo o único que no punto 4 sería bo engadir unha campaña de divulgación al público, para diferenciar as características davespa autóctona e asiática.

A SRA.BAUTISTA ALFAYA, dacordo con Lino.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, dacordo, pero nos sorprende que digan adopción dos seguintes acordos.

Hai un procolo oficial aprobado, alí veñen todas as medidas a tomar, avésa foi declarada polo Ministerio como invasora.

Estamos a favor.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, como ven aclarou non era proposta do BNG, son propostas de acordos como consecuencia dunha reunión mantida nesta sala con apicultores, foi o que eles pediron.

Entre os acordos ten sentido recoller a proposta do Sr.Costas Vila.

VOTACIÓN Á MOCIÓN ENGADINDO NO PUNTO 4º A PROPOSTA DE EU.-

Unanimidade a favor dos membros presentes (18 votos a favor).

Na sua consecuencia,acordase:

1. Habilitar un fondo para que os concellos afectados pola praga da avespá asiática poidan adquirir as ferramentas necesarias para eliminar os niños desta avespá.

2. Incrementar os medios para retirar os niños de avespá asiática e unha adecuación dos protocolos previstos no modo de aplicación.

3. A intensificar a distribución de trampas para colocar no outono e na próxima primavera

4. Poñer en marcha cursos de formación e divulgación sobre a avespá asiática para o persoal do Corpo Municipal de bombeiros e do voluntariado do Servizo de Protección Civil e emerxencias.

Facer unha campaña de divulgación ao público, para diferenciar as características davespá autóctona e asiática

5. A convocatoria das asociacións de apicultores e ós representantes dos Concellos para tratar sobre a praga da avespá asiática.

6. a realizar unha declaración oficial da existencia dunha praga de avespá asiática nesta zona e noutras comarcas de Galicia especialmente afectadas, recoñecendo os grandes prexuízos económicos e medio ambientais que está provocando.

7. Instar á Xunta de Galicia a que poña medios suficientes, en colaboración con outros organismos, para desenvolver traballos de investigación nesta área.

8. Comunicar este acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Medio Rural e do Mar e ós concellos da provincia afectados pola praga da avespá asiática.”

Ausentase o Sr. González Carrera, regresando nuns intres.



11.-Proposta do BNG do 7-9-15 de iniciar o proceso de elaboración dun regulamento de participación cidadá de Ponteareas.

- a).-Regulamento de EU**
- b).-Regulamento do BNG**
- c).-Regulamento do PSOE.-**

O SR. ALCALDE, hai 3 propostas de EU, BNG e PSOE.

O SR. COSTAS VILA, en xullo a presentamos, non sei ben como se vai levar este asunto.

As propostas de acordo de EU son do teor:

1.-Iniciar o proceso de elaboración dun Regulamento de Participación Cidadá de Ponteareas de acordo coas NORMAS PARA O DEBATE E ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE PONTEAREAS, a anexas a esta moción.

2.-Aprobar para o seu debate e modificación pola cidadanía de Ponteareas o Borrador do Regulamento de Participación Cidadá anexo a esta moción.

3.-Aprobar o documento patrón anexo a esta moción, para a presentación de emendas ao Borrador do Regulamento de participación cidadá.

Agora vostedes presentan 2 regulamentos mais, non vou aquí a chegar a un consenso na nosa se dí como se ia debatir e elaborar era un proceso de elaboración, unha base para o traballo, e a partir de ahí traelos ao pleno e logo dar periodo de alegacións, assemblies abertas, informes xurídicos e definitivamente aprobalo en pleno.

Nos tamén temos erros, o sacamos do de Ferrol traballado por EU no artigo 47 fala de A Coruña.

Nos temos que defender a nosa proposta.

A SRA. FERNÁNDEZ DAVILA, da conta da proposta do BNG do teor:

PROPOSTA DE ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

“O dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local, o acceso á información e a participación cidadá, constitúen parte inseparable da sociedade democrática. A participación veciñal e, en xeral, de toda a base da sociedade, é necesaria para o funcionamento democrático desta, sendo tamén a clave para a resolución correcta de múltiples problemas municipais e, asemade, favorece a participación activa de todas as persoas na vida do seu barrio, parroquia, lugar de traballo, etc.

Para que este mecanismo funcione, é preciso que a instancia política fomente a participación, xunto coa eficacia, a información e a transparencia na xestión, facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio.

En virtude do disposto na Lei 57/2003, os concellos deben establecer e regular en normas de carácter orgánico os procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local. Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 e 257 do capítulo V e artigo 69 capítulo IV do título V da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local), os concellos deben desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinan e nas que estes se organizan, sendo estas as asociacións veciñais, as entidades deportivas, culturais, xuvenís, sindicais, de protección ambiental, de igualdade da muller, profesionais, empresariais, de sector, etc., que representan o elemento coordinador e vertebrador da colectividade.

A participación veciñal ten que ser a clave para mudar de forma radical o modelo de xestión do que é de todos e mellorar a nosa calidade de vida. Erradicar para sempre o escurantismo e as prácticas caciquís, que só producen atraso e deterioro social. Crear un Consello Municipal e Consellos Parroquiais que sexan a canle de participación estable de todos os veciños na política municipal.

É no nivel local onde o dereito á participación pode ser mellor exercitado, e onde é máis fácil a evolución da democracia representativa á democracia participativa. Conscientes disto, o BNG elaborou o presente Regulamento que regula a participación dos e das cidadás, das entidades e das asociacións na vida municipal de Ponteareas.

Por todo o exposto, elévanse ó Pleno deste Concello os seguintes ACORDOS:

1. Iniciar o proceso de elaboración dun Regulamento de Participación Cidadá de Ponteareas en consenso cos grupos políticos con representación municipal, así como coas Asociacións, Colectivos e Entidades de Participación cidadá con sede no Concello de Ponteareas. Acompáñase proposta de Regulamento.”

O SR. MARQUEZ CASTRO, nos tamén temos algun erro no borrador proposto polo PSOE, consideramos que agora toca aprobar o inicio e traballar consensuando cos grupos e veciñanza.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, salienta que como figura na proposta A Riada do Tea vota iniciar o procedemento de elaboración.

Nos tamén temos un borrador, falaremos logo.

Paréceme esencial democratizar este concello.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A Riada do Tea vai votar a favor de iniciar o proceso de elaboración.

O SR. GONZALEZ CARRERA, temos que ter claro o que se trae ao pleno, fala de iniciar.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, quero iniciar, veñe de quen veña.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, para iniciar o proceso é que nos convoque, dixo na comisión informativa que era de EU, logo aparece BNG e PSOE.

Cando nos sentemos cada grupo aportará.No temos inconvinte.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, claro exemplo de descontrol, de descordinación. Simple convocar unha comisión de portavoces e listo.

O curioso e que EU presente en xullo unha moción, vostede lle quita á oposición calquera iniciativa.

Na moción leída pola Sra. Fernández Davila fala do concello de Ponteareas;na comisión di do BNG, PSOE e a de EU déronna o día despois da comisión.

Despropósito total.

Pido a retirada de iniciar.

Convoque aos portavoces, e a traballar.

Lein os 3 e a verdade están ben para concellos grandes, pero non para o noso, que sexa viable, eficaz, é unha improvisación. O mesmo que querían facer con Protección Civil, unha chapuza.

O SR. ALCALDE, remate, e non falte ao respecto.

Votaremos a retirada.

Votaremos 1º a de EU e a proposta de acordo do BNG e do PSOE, é lóxico de entender, que se miren outros modelos para inspirarnos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, fala.

O SR. ALCALDE, non lle din a palabra.

VOTACIÓN Á PETICIÓN DO PP DE RETIRADA DA ORDE DO DÍA.-

O SR. GONZALEZ SOLLA, quero explicar o noso voto.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. GONZALEZ CARRERA, non ten nada que ver o que trae, non se pode votar.

O SR. ALCALDE, se dictaminaron ao inicio do proceso, hai coincidencia nas propostas do BNG-EU nalgúns puntos.

VOTACIÓN Á PETICIÓN DO PP DE RETIRADA DA ORDE DO DÍA.-

10 votos en contra (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada, 1 EU), 6 votos a favor da retirada do PP, 2 abstencións de ACIP.

Queda rexeitada a retirada.

O SR. ALCALDE, someto a **VOTACIÓN O 1º PUNTO DA MOCIÓN DE EU QUE É COINCIDENTE 1º PUNTO DA DO BNG SOBRE INICIACIÓN.-**

Votación ao 1º punto .-12 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada, 2 ACIP, e 1 EU), 6 abstencións do PP.

Na sua consecuencia, acordase:

*1.-Iniciar o proceso de elaboración dun Regulamento de Participación Cidadá de Ponteareas de acordo coas **NORMAS PARA O DEBATE E ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE PONTEAREAS**,a anexas a esta moción.*

VOTACION AO 2º e 3º PUNTO DA MOCIÓN DE EU.-

2 votos a favor (1 EU, 1 A Riada do Tea), 8 votos en contra (5 BNG, 3 PSOE), 6 abstencións do PP.ACIP non se pronuncia,

Quedan rexeitados.

12.-MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG PARA QUE A XUNTA ASUMA A ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

O SR. ALCALDE somete ao Pleno a urxencia da moción.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, vostede non trae as nosas mocións, nos machada.

O SR. ALCALDE , anuncia a votacion sobre a urxencia.

Os 6 membros presentes do PP abandonan a sesión e tamén os 2 membros presentes de ACIP, ás 24,01 horas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

SOMETIDA A VOTACION SOBRE A URXENCIA DA MOCION, acada o resultado: 10 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU).

O SR. ALCALDE, queda aprobada a urxencia e pasamos a leer as propostas da moción, lamentando a ausencia do PP e de ACIP.

-MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG PARA QUE A XUNTA ASUMA A ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

“Ponteareas explotou a estación de autobuses en condición de concesionario, logo dun contrato firmado o 19 de setembro de 1991. O 31 de xullo de 2011 venceu este contrato e o Concello trasladou á Xunta de Galicia a decisión de non continuar explotando la estación. Dende aquela, o Concello seguiu asumindo o servizo mentres a Xunta licitaba o contrato.

O propio ente autonómico emitiu un comunicado, no mes de setembro de 2013, recoñecendo a necesidade de levar a cabo un traspaso de competencias “dado que non resulta viable manter ilimitadamente a situación de transitoriedade actual” e polo que se informaba que “o Concello de Ponteareas cesará na explotación da estación de autobuses de Ponteareas a partir do 1 de xaneiro de 2014, data a partir da que entrará a explotar o servizo un novo prestameiro, se fose o caso.”

Despois de que a Xunta de Galicia abra dous procedementos de licitación que foron declarados como desertos, en novembro de 2013 e en agosto de 2013, para seleccionar a un novo prestameiro, o goberno autonómico se comprometeu, no comunicado anteriormente mencionado e que data do mes de setembro do ano 2013, a “iniciar novamente un procedemento de licitación ó que invitar a outros posibles interesados”, ademais de “concertar a compensación económica que corresponda polo déficit económico da explotación que se está a producir nesta situación de prolongación na explotación.”

Polo anteriormente exposto, propomos ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1. O Pleno acorda esixir á Xunta de Galicia que asuma de inmediato o servizo da Estación de Autobuses de Ponteareas.*
- 2. O Pleno acorda esixir á Xunta de Galicia que compense ó Concello de Ponteareas os gastos soportados polo mantemento e funcionamento da Estación de Autobuses dende o 31 de xullo de 2011, data de vencemento do contrato de concesión.*
- 3. O Pleno insta ó Goberno Local a non continuar asumindo gasto algún na Estación de Autobuses dende o 1 de xaneiro de 2016, non contemplando a tal efecto partida algunha para ese fin nos orzamentos de 2016.”*



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Dada a postura do PP e de ACIP que se negan a estar aquí, e considero que o PP ndebe pronunciarse nun pleno, pido o valoren.

O SR. COSTAS VILA, non deixa de ser contradictorio a votación da urxencia.

Valoraría quen está a favor do punto 2 e do punto 3 pero a Xunta non ten problema ningún á hora de concertar.

Solicitar que a Xunta aporte ao concello de Ponteareas o déficit soportado.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, a estampida me deixa abraiado, podía escoitar as explicacións do PP.

O SR. ALCALDE, cando se procedeu a iniciar a votación de urxencia, o PP aínda non se levantara, é ter unha postura a favor da Xunta.

Se votou a urxencia pero eles tiñan o texto,o miraron.

A SRA. GARROTE REPRESAS, dacordo do Presidente.

Se lle dixo á Xunta que remataran co problema, que a colleran, e que lle deran os cartos prometidos ao concello de Ponteareas. O PP que explique cando menos.

O PP que se posicione nun próximo pleno

Ausentase o Sr. Lago Moriña, incorporándose nuns intres.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, que conste en acta o rexeitamento do comportamento PP e ACIP, abandonando o pleno.

O SR. ALCALDE, que se retire da orde do dia motivado pola ausencia dos grupos PP e ACIP, e para acadar si é posible unanimidade no pleno. Convocarei aos portavoces.

O motivo da urxencia foi que na reunión coa directora xeral de Mobilidade a Xunta non quería asumir os costes, decían no 2013 e en xaneiro 2014 que a collerían e se compensaría ao concello, o dixo a Xunta ao anterior goberno, e foi ao que se negou a Directora Xeral.

Se pospón o tema por uns 15 días, será tratado nun pleno extraordinario con outros asuntos, aínda que o mellor houbera sido tratalo toda a Corporación hoxe.

Xustificada a retirada para que se traia de novo, si hai que consensuar na redacción non habería problema.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O ALCALDE somete aos asistentes a retirada do asunto da orde do día, votándose a retirada co resultado: 8 votos a favor da retirada (5 BNG, 3 PSOE), 2 abstencións (1 A Riada do Tea, 1 EU).

Na sua consecuencia queda retirado o asunto da Orde do Día.

Sendo as 24 horas 10 minutos, polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesion o que eu secretaria accidental, dou fe.-